

Matilde Caamaño Pato

NEGREIRA, 1900-1972

Intentou que o seu home, o afamado médico Amancio Caamaño Cimadevila, non fose fusilado naquel aciago 12 de novembro do 36. Viaxou a Burgos con outras mulleres como [Lola Lois](#), logo viúva de Ramiro Paz; [Aurora Poza](#), de José Adrio; ou [Consuelo Pastrana](#), que pregou pola vida do seu fillo Luís. Dixéronlles que tiñan o indulto mais, cando chegaron a Pontevedra, xa estaban mortos. Entón dixeron que o aviso de clemencia chegara tarde, como fixeran con tantas familias, tantas outras veces, nunha última brincadeira macabra e cruel. Era só o principio do longo calvario que pasaría Matilde Caamaño Pato. A pesar da súa relixiosidade, da do seu home, non tiveron clemencia con ela. Fora falar co confesor dos dous, co piadoso pai Luís María Fernández, ao que Pontevedra lle dedicaría anos despois unha rúa, pero díxolle que non intercedía, que a Amancio había que matalo. Nunca máis volveu Matilde pisar a súa igrexa de San Francisco. Nin tampouco Matulas, Milocha e Amancio, os tres fillos que o franciscano deixara, sen inmutarse sequera, ficar orfos.

Porque Amancio Caamaño cometera un grave delito. O delito de ser republicano e masón. O libro *Inmolados Gallegos* de Luís Lamela García repasa a súa biografía: Nas eleccións Xerais de 1933 foi deputado nacional pola ORGA, o partido de Casares Quiroga. No informe que o comandante da Garda Civil, o infame Joaquín Velarde, elaborou para levalo ao paredón da Caeira, afirmaba que mesmo o tivo oculto no seu domicilio tras os sucesos de outubro do 34, sendo a súa a principal



achega que se fixo na provincia ás vítimas da revolución. Tras a desaparición da ORGA, o doutor Caamaño integrouse en *Izquierda Republicana*, converténdose nun dos maiores dirixentes do partido de Azaña na provincia, pero en xaneiro do 36 abandonou a formación por non estar de acordo coa coalición electoral da *Fronte Popular*. Cooperou co *Socorro Rojo Internacional*, fundou o xornal *Clarín* e foi presidente da Sociedad Recreo de Artesanos, de gran fervenza cultural. Ademais foi fundador da loxa masónica de Compostela Libredón número 6, á que pertencería até o fin dos seus días.

Naquel infame informe, Velarde acusouno tamén de influír ideoloxicamente nos seus empregados. “*Llevó a los enfermeros a formar parte del partido de Izquierda Republicana y ultimamente a que formaran una sociedad afiliada a la Casa del Pueblo*”, dixo, e a persecución abarcouno todo: Ao paredón seguiulle a intervención pola *Comisión Provincial de Incautación de Bienes* do edificio do hospital, que albergaba ademais o fogar familiar, e comezaron as detencións dos que alí traballaban, como o practicante Manuel Gamallo Lois. Aquel 12 de novembro Gamallo perdería, ademais de ao seu xefe, a quen sería o seu futuro sogro, o mestre Germán Adrio. Coñecera a [Nieves](#), a filla, nas visitas que até novembro lle fixo ao pai no cárcere e, cando Manuel saíu do seu propio calvario de cinco anos en San Simón e San Cristóbal, casaron.

Amancio tamén estivo preso no Lazareto e na Normal de Pontevedra, a onde Matilde levaba os nenos cada día, para ver o seu pai a través dunha pequena xanela. A memoria oral recolle que, estando alí, actuou de padriño de voda dun preso de Cangas, Lorenzo Corbacho Rodal, obrigado a casar pola igrexa e a bautizar sete fillos nos últimos estertores dunha vida que tamén arrebatou a barbarie. Corbacho loitara como concelleiro para afastar a relixión das escolas, casara polo civil, puxéralle a unha filla o nome de Libertad Fraternidad pero, tras días de malleira, cedeu á presión do novo estado e da igrexa cómplice e pregouse ao crucifixo. Din que Manuel Gamallo e Amancio Caamaño estiveron ao seu lado cando á propia vida do doutor apenas lle quedaban dous meses.

Nas horas previas ao paredón da Caeira, Amancio escribiulle unha carta ás dúas fillas e ao fillo pequeno, que quedaba orfo con 11 anos. Elas tiñan 15 e 14. Explícoulles que a mala xente os afastaba para sempre pero que quedaban ao acubillo agarimoso da súa nai. Matilde tiña entón 36 anos. Amancio, 42:

“Queridos hijiños: Los hombres, que son muy malos conmigo, me apartan de vosotros. ¡Cuánto os quiero! ¡Cuánto os quería! Qué grandes ilusiones para daros comodidades, satisfacciones, alegría... Pero os dejo una madre que es la mejor madre del mundo. Mejor ininguna! Como ella pocas en verdad. Vosotros que lo comprendereis así siempre, siempre, la obedecereis y, si es posible, no os separareis de ella.



Ahora que le falta mi cariño que era tan grande, itan grande de alma!

Es un orgullo para mí y para vosotros tenerla, haberla tenido yo, como esposa, capaz de todos los sacrificios por grandes e inmensos que fueran y vosotros por madre.

Amadla siempre. Acariciarla mucho; que en vuestras caricias vea las mías, las vuestras juntas. Amor de esposo y amor de hijos unidos. ¡Qué grande será su consuelo!

Un abrazo y muchos besos de vuestro padre.

Amancio, Pontevedra 6 de la mañana 12-11-36"

Axiña foron os fascistas polo edificio do sanatorio, polo fogar familiar pero, querida como era a familia en Pontevedra, un contacto avisou a Matilde e coa axuda do bo amigo do seu home, o tamén médico Eladio Padín, sacou os obxectos de máis valor e algúns mobles que, poñendo en perigo a súa propia integridade, o doutor Padín resgardou no seu pazo de Cambados.

Matilde deixou atrás Pontevedra e coa maleta do dó e o loito eterno marchou a Santiago, a unha casa de alugueiro onde habilitou unha pensión que, xunto á venda do que puido rescatar no espolio, permitiulle sacar a fame dos fillos. Foron tempos duros. A morte de Amancio, tan demoledora, apenas foi unha pinga no mar do terror. A familia de Matilde foi duramente represaliada. Os seus irmáns Alfredo e Manolo tamén foron perseguidos e acabaron no exilio. Durante meses buscaron agocho en nichos do camposanto, en dobres fondos de armario na casa familiar de Negreira, á que un día si e outro tamén acudían os cívicos, a Garda Civil, para sementar o terror tamén na mente de Choncha, a irmá gardiá, a que os tiña agochados. Un día mesmo entraron na finca coa cabalería, esgazando todo o que atopaban ao paso. Cravaban as súas baionetas e golpeaban cos seus fusís o teito e o chan da casa buscando falsos tobos, facendo tremar a Choncha, que sabía que de atopalos acabarían todos fusilados: os seus irmáns e mais ela tamén. Tremeu tanto que nunca máis recuperou a calma, mais mantivo o aceno resistente de botar a *Internacional* con voz firme cada vez que remataba de rezar o rosario.

Atoparon a axuda dun clero, protestante, para sacar Alfredo fóra do país. Pasárono ata a fronteira no coche do pai Bird, amigo da familia. Diante, nun deses asentos corridos, sentouse Matilde con el. Detrás, en riba do oco no que ía metido o seu irmán, sentou a descendencia: a Matulas, Milocha e Amancio, que xa non tiñan pai. O seu irmán Alfredo deixaba atrás cinco criaturas: Alfredo, Matilde, Sirio, Violeta e Iván, de só un ano. Foron repartidos entre a familia cando



a súa muller, Elena Suárez, foi condenada a oito anos de cárcere e trasladada ao durísimo penal vasco de Saturrarán. Tiveron que pasar anos para que a familia puidera reencontrarse no exilio venezolano.

Matilde nunca volveu a Pontevedra. Co tempo cambiou a casa do Camiño Novo por unha herdada pola familia na Alameda e alí seguiu coa pensión. O seu fillo Amancio estudou Medicina, como o pai, cunha beca que lle deu o Colexio de Avogados porque o seu avó materno, Alfredo Caamaño Ferreiro, fora secretario do xulgado.

Do seu pai, lembra Amancio, na publicación de Lamela: *“Os meus recordos van unidos á incitación paterna nos seus fillos a penetrar no vasto mundo da cultura pola España monumental: Salamanca, León, Burgos, Ávila, Toledo, El Escorial, El Pardo, etc... A iniciación á literatura a través de libros de adaptacións para a infancia das obras capitais da literatura universal. A música en vivo, a través do piano, e a radio que nos transmitía as obras en concertos de toda procedencia... En fin, as miñas lembranzas fan que ante todo defina ao meu pai como un home tolerante, liberal, interesado en que o seu mundo evolucionase nese senso. A miña educación iniciouse no colexio dos Maristas e a das miñas irmás nas Doro-teas. Así eran os comezas que describían os do Glorioso Movemento Nacional”*.

Nunca faltou o recordo de Amancio no novo fogar dos Caamaño en Santiago, mais non era un tema do que se adoitase falar pois provocaba demasiada dor en Matilde, como lembra a súa neta Begoña, filla do fillo:

“Lémbroa sempre chorando, e cando saía Franco na tele insultábao. Non o podías nin nomear. A Carta de Axuste remataba co himno e a foto de Franco e había que estar pendente e apagala para que non a vira porque se puña como unha moto, ela que era educadísima (...) Para ela, o seu home era o mellor marido do mundo e para os fillos, o mellor pai. Pasaran décadas e ela seguía chorando por el. Cando eu lle dicía: Pero avoa, como segue chorando? Contestábame: Como non, se era o home máis bo do mundo e o mellor marido que puidera ter... Iso dicía sempre. (...) Trinta anos despois a carraxe que ela seguía levando enriba era terrible e nós sempre soubemos o porqué, sempre soubemos o que pasara”.

Matilde nunca refixo a súa vida e, a pesar de que sobreviviu case medio século ao seu home, nunca quitou o loito:

“Sempre vestiu de loito: roupa negra ou, como moito, de alivio; pero vestida de claro, nunca. Levaba o pelo branco suxeito nun moño e parecía maior do que era mais en Santiago chamábanlle a señora guapa”.



Nas case dúas décadas que estiveron casados, Matilde viaxou con Amancio cando tiña que ir a Madrid ou París facer cursos de cirurxía. E, ás veces, o pequeno Amancio ía tamén:

“Os seus tres fillos sempre faloron de que era un home cariñosísimo, que sempre estaba pendente deles a pesar das súas moitas ocupacións e afeccións. E as súas fillas tamén gardaron moita xenreira polo acontecido, sempre”.

A familia nunca puido superar a dor. Pasada a barreira dos noventa, Amancio Caamaño Caamaño, o fillo do doutor, padece unha enfermidade que lle afecta á memoria pero, no entanto, en novembro de 2015 a súa filla atópao chorando e preguntalle:

-Papá, que che pasa? Por que choras?

-E como non vou chorar se foi en novembro que mataron o meu pai...

Por moita memoria que perda, esa data non a esquece.

A Begoña e ao resto de netos do doutor Caamaño o fascismo furtoulles a oportunidade de coñecer o seu avó, pero foron moitas as persoas que lles transmitiron o excepcional do seu carácter, non só no seo familiar:

“Eu exercía a medicina en Marín e un señor veu traerme un libro de poesías, porque a última dedicáballe ao meu avó. Daquela tiña oitenta anos pero explicoume que el era o neno que lle limpaba o coche no taller. Dixo que tiña adoración por el, que foi a persoa máis boa que coñeceu nunca... De feito veu falar comigo porque quería coñecer a neta de Don Amancio. E outro día que fun facer o DNI, cando o funcionario leu ‘filla de Amancio Caamaño’, preguntoume se era a neta do médico e, cando lle dixen que si, chamou por outro compañeiro para que me coñecese... ‘Era un home tan bo’, dixo... Todo o mundo falaba marabillas del, mesmo sen saber que era o meu avó. Un día, facendo unha consulta de otorrino, chegou como paciente un señor moi maior cunha trepanación, un buraco na orella, e un compañeiro meu preguntoulle. El dixo que esa operación lle salvara a vida, que lla fixera un médico que despois mataran: o doutor Caamaño, e falou marabillas del. Sempre falaban marabillas del”.

Pero quizais a lembranza que máis impacto lle causou a Begoña foi a de Valeriano, o que fora chofer do seu avó no sanatorio. Tras o sucedido marchou a Barcelona pero nos anos 70 volveu a Pontevedra para visitar a familia do seu lembrado xefe:

“El era anarquista e, como outros traballadores do sanatorio, estivera detido. Acabou vivindo nunha residencia en Barcelona, coa súa compañeira, a cociñeira do sanatorio, que se chamaba María. El tiña adoración polo meu avó. Regresou a Galiza cando tiña máis de setenta anos, cando María xa morrera, e foi visitar o meu pai. Díciolle que o único que tiña na súa habitación da residencia era a foto do meu avó. El era anarquista e non tiña santos nin póster ningún; para el o seu único referente era o meu avó”.



No momento do golpe de Estado, Valeriano ofreceulle ao seu xefe sacalo do país por Portugal. O seu plan era ir en coche até a fronteira e logo metelo na auga e rematar o traxecto a nado, aproveitando que o doutor Caamaño era un gran nadador. Pero non quixo. Dixo que non fixera nada malo e negouse a marchar:

“El era un político moi moderado que se negou a armar o pobo. E pecou de inocente tamén porque dixo que non fixera nada malo e non tiña por que fuxir... O chofer dicíalle que o sacaba pero el contestaba que non, que porqué ía ter que marchar se non fixera nada”.

A Amancio Caamaño condenárono a morte e fusilárono o 12 de novembro xunto a outros nove pontevedreses. O hospital incautado á familia acolheu a sede de *Sanidad* antes de que puideran recuperalo, xa a mediados dos cincuenta, aínda que só en parte: o estado franquista expropioulle un bo anaco do xardín por catro pesos. O hospital recuperado foi alugado e alí estivo o colexio da Inmaculada. Hoxe en día non existe o edificio, que estaba situado xusto fronte ao *Galicia Palace*.

Matilde pasou os seus últimos anos de vida entre Santiago e Moaña, onde vera-neaba co fillo. Amancio traballou alí como médico, ocupando o baleiro deixado pola prematura morte do seu tío Luís, o irmán da nai. Empezara a axudarlle na consulta mentres facía o servizo militar, pois adoitaba desprazarse a Moaña cada día de permiso. Xusto entón faleceu Luís e o sobriño, que quería casar, ocupou a súa praza. Daquela tiña pouco máis de vinte anos. A Garda Civil tíñao vixiado por ser fillo dun represaliado.

Aínda que nunca volveron a Pontevedra, sempre mantiveron unha estreita relación con outras familias represaliadas, especialmente cos Adrio. De feito, Gonzalo, o irmán pequeno de José Luís Adrio, asasinado xunto a Amancio o 12 de novembro, coñeceu na pensión de Matilde Caamaño a quen, co tempo, sería a súa esposa: Aurora Taracido, filla tamén dun represaliado, Arturo Taracido Veiga, quen no momento do golpe era tenente alcalde da Coruña. Aurora, estudante de Farmacia, era moi amiga de Matulas e Milocha e a través delas coñeceu a Gonzalo. Os dous matrimonios foron moi amigos sempre e mesmo viaxaban xuntos no verán.

Nin Gonzalo nin Amancio puideron nunca esquecer a quebra que provocou nas súas familias aquel maldito 12 de novembro.